

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE: 2369/2021**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jesús Fernández Fernández, en exercicio das funcións de Alcaldía, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 119, de 28 de maio de 2021, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral eventual por circunstancias da produción, ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de un xefe de brigada non incluído no cadro de persoal do Concello.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021.

Vista as bases específicas, relativo aos requisitos dos solicitantes, na que sinala:

#### **“(…)3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

*Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación esixida para cada posto. Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.*

*De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se decretará ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.*

*Os aspirantes deberán realizar un curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais, en caso de non superar dito curso o aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación. Viveiro, á data que consta á marxe...”*

Tendo en conta que con data 05 de xullo de 2021, o Tribunal presenta a proposta de selección, na que literalmente dí:

#### **“(…) D) PROPOSTA DE SELECCIÓN (Base Xeral 12)**

O Tribunal, á vista da lista dos aspirantes seleccionados acorda, formular proposta de selección ante a Alcaldía do Concello de Viveiro a favor de **D. MARCOS DÍAZ FERNÁNDEZ** para prestar servizos de xefe de brigada no Concello de Viveiro como persoal laboral temporal (modalidade de contrato temporal eventual por circunstancias da produción) ao obter a maior cualificación final.

#### **E) ORDE DE ASPIRANTES LISTA DE EMPREGO (BASE XERAL 14)**

O Tribunal establece a orde de aspirantes non seleccionados ao obxecto do sinalado na base 12 e 14.

APELIDOS E NOME	TOTAL	
SANTIN FERNANDEZ MONICA	2,47	
GUIJARRO INFANTE MARTA	2,196	
PERNAS ROUCO ENRIQUE	1,21	
MENENDEZ CALVIN PABLO	1,13	982561147



## Concello de Viveiro

---

...”

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Citar ao aspirante seleccionados segundo a Base Xeral punto 12 e 13, proposto polo Tribunal, **D. MARCOS DÍAZ FERNÁNDEZ** para realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

**SEGUNDO.-** Convocar a **D. MARCOS DÍAZ FERNÁNDEZ** para que compareza o día **06 de xullo de 2021 en horario das 10:00 horas, a unidade móbil sita en piscina municipal de Celeiro** a raíz de realizar as probas referidas nos puntos anteriores.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

1º Tenente de Alcalde por  
delegación en funcion do decreto  
de data 18-06-2021

Ante mín, A secretaria Xeral, ós efectos do  
artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018

Asdo. Jesús Fernández Fernández

Asdo. María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

